

BASES REGULADORAS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO MOAÑA LABORA VI

A ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, establece no seu artigo primeiro relativo ao obxecto da subvención, o seguinte:

Esta Orde, ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, para o ano 2022, en réxime de concorrència competitiva, das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, concibidos como programas de formación, práctica profesional e, no caso dos concellos, mancomunidades e entidades públicas dependentes, para incentivos á contratación en empresas, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

O devandito artigo 1, no seu parágrafo 4, establece que, valórase, no caso dos concellos, mancomunidades e entidades públicas dependentes, que se promova a inserción laboral por conta allea das persoas participantes que rematen o obradoiro con resultado de apto durante un mínimo de tres (3) meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia. No seu caso, as entidades promotoras deberán publicar unha convocatoria de axudas á inserción laboral, a través de incentivos á contratación.

O Capítulo IV da Orde (Art. 15), regula os incentivos á contratación, nos termos seguintes:

1. Poderán solicitar o incentivo á contratación os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello. O número máximo de incentivos estará limitado ao número de persoas para as cales se presente un compromiso de solicitude por parte de empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e do ámbito territorial de Galicia.
2. O obxecto dos incentivos á contratación é promover a inserción laboral das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego. No caso de que as entidades promotoras soliciten subvención para incentivos á contratación, deberán publicar unha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes dos obradoiros de emprego, dirixido a empresas para ocupacións do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego.

Na tramitación dos expedientes de concesión dos incentivos as entidades locais deberán ter en conta o réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE)nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352, do 24 de decembro).

3. A contratación laboral terá unha duración dun mínimo de 3 meses a xornada completa, e deberá comezar con carácter xeral nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego, polo que a publicación da convocatoria deberá ser realizada con suficiente antelación.

Tendo en conta os anteriores pronunciamentos da Orde Reguladora dos Obradoiros Duais de Emprego, **a XGL en sesión de data ... de setembro de 2023**, acordou a publicación da seguinte convocatoria de

BASES DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES DOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO, DIRIXIDO A EMPRESAS DO ÁMBITO DA FORMACIÓN IMPARTIDA PO LOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO

Artículo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

Os incentivos á contratación temporal por conta allea obxecto da presente convocatoria teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “MOAÑA LABORA VI”, número de expediente 36/00015/2022, proxecto mixto de formación e Emprego promovido polo Patronato Municipal Beiramar pertencente o Concello de Moaña e financiado a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a talleres duais de emprego, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertence á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

Artículo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación, as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica nas que a actividade da empresa deberá estar directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, en concreto cos certificados de Cociña (HOTR0108 / HOTR0408) ou Servizos de restaurante, bar e cafetería (HOTR0208 / HOTR0608 / HOTR0508) e contratar traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Moaña.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación,

así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Non poderán estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos parágrafos anteriores para obter a condición de beneficiaria realizarase mediante declaración responsable .

Artículo 3. Contía dos incentivos

Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 18 en total. No caso de que se presenten mais solicitudes de axuda a preferencia no outorgamento das mesmas rexeráse polos seguintes criterios:

1º) Empresas ou entidades que asinaren precompromisos á contratación co Patronato Municipal Beiramar no momento da solicitude de subvención para o proxecto.

2º) Empresas ou entidades que se comprometan a contratar a mais de unha persoa alumna traballadora do proxecto.

3º) Empresas ou entidades que melloren as condicións de contratación obrigadas; contratos indefinidos ou contratacións por tempo superior a 3 meses.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade

orxamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artículo 4. Cuantía total y crédito presupuestario

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orxamentario do 2023 do Concello de Moaña é de 27.000 € (vinteseite mil euros), que se imputarán con cargo á partida **2411.47900** denominada "**Incentivos contratación laboral alumnos OE MOAÑA LABORA VI**", de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Artículo 5. Exclusions. Excluyense dos beneficios regulados neste programa.

As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será

tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucede en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artículo 6. Prazos e solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e da documentación complementaria é de **5 días hábiles**. A contar dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos mediante os formularios normalizados anexos a estas bases. As solicitudes deberán presentarse e tramitarse a través da sede electrónica do Concello de Moaña <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/info>. O, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I- Solicitude, xunto coa seguinte documentación:

- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Anexo II. Declaración responsable de cumprimento dos requisitos para poder ser entidade beneficiaria.
- Anexo III. Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade.
- Anexo IV. Autorización expresa para a consulta e verificación de datos.

Artículo 7. Xustificación e pagamento

De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación a presentar é a seguinte:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do Anexo III .
- b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
- c) Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos de 3 meses, a xornada completa.
- d) Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o Patronato Municipal Beiramar poidera requirir á empresa/entidade beneficiaria da axuda.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artículo 8. Obrigas das entidades beneficiarias

Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de Emprego, e dicir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de Profesionalidade de Op. Básicas de Cocina e Cociña (H0TR0108/ H0TR0408) ou Ser. De Restaurante, Bar e Cafetería, Op. Básicas de Restaurante e Bar (H0TR0208/H0TR0608/H0TR0508).

Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos talleres duais de emprego no prazo de **7 días hábiles** dende que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no taller, que non fosen contratadas previamente.

As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artículo 9. Competencia

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ao Patronato Municipal Beiramar, organismo autónmo de formación e Emprego do Concello de Moaña, como entidade promotora do obradoiro dual de Emprego.

Artículo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria será o de concorrencia competitiva. O Patronato Municipal Beiramar, como organismo autónomo de formación e Emprego do Concello de Moaña, será o encargado de instruír, tramitar e avaliar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Esta comisión estará composta por dúas persoas traballadoras da área de Emprego do Concello de Moaña, unha persoa representante da Consellería de Emprego e Igualdade. As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A composición concreta de Comisión de avaliación será aprobada por Resolución da Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada. Elevarase á Xunta de Goberno do Patronato para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención (máximo 20 subvencións), e a súa contía, debendo facer constar –de xeito expreso– a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, téndose en conta, os criterios expostos nos parágrafos seguintes:

Criterios xerais para a valoración das solicitudes na concesión das subvencións:

1º) Empresas ou entidades que asinaren precompromisos á contratación con Patronato Municipal Beiramar no momento da solicitude de subvención para o proxecto.....4 puntos.

2º) Empresas ou entidades que se comprometan a contratar a mais dunha persoa alumna traballadora do proxecto. Puntuación non acumulable:

- Contratación de dúas persoas.....2 puntos
- Contratación de tres ou mais persoas.....3 puntos

3ª) Empresas ou entidades que melloren as condicións de contratación obrigadas; contratos indefinidos ou por tempo superior a 3 meses:

- .Contratos temporais por 6 ou mais meses.....1 puntos
- .Contratos temporais por 12 ou mais meses.....2 puntos
- .Contratos indefinidos.....3 puntos

As solicitudes denegadas nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas

seguintes.

Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº1407/2013 de 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artículo 11. Resolución e recursos

As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de **dous días hábiles** para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Artículo 12. Incompatibilidades e concorrencia

As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artículo 13. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cesara na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Artículo 14. Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do taller dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR COA SOLICITUDE

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO MOAÑA LABORA VI

- a) **Anexo I.** Solicitud asinada electronicamente.
- b) **Anexo II:** Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente.
- c) **Anexo III:** Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente.
- d) **Anexo IV:** Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Moaña. para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Moaña. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS**
- e) **Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa,** e poder suficiente para actuar en nome da entidade.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos ou falte algún documento que resulte esixible, requirirase mediante notificación electrónica é/ás persoa/s interesada/s para que no prazo de 5 días subsane a falla ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude, arquivándose esta previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Os datos persoais facilitados neste procedemento (anexos I a IV), indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o procedemento correspondente a convocatoria dos incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro dual de emprego Moaña Labora VI

O Concello de Moaña ten a condición de responsable deses datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar na convocatoria.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Moaña). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aedp.es).

ANEXO I SOLICITUDE

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO MOAÑA LABORA VI

DATOS ENTIDADE SOLICITANTE:	
NOME:	NIF:
REPRESENTANTE:	NIF:
ENDERZO:	CP:
LOCALIDADE:	TFNO.:
CORREO ELECTRONICO:	MÓBIL:

DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN
CORREO ELECTRÓNICO:
TELÉFONO MÓBIL:

EXPOÑO:

Que coñezo as bases reguladoras da *Convocatoria de axudas mediante Incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro dual de emprego MOAÑA LABORA VI*, a tal efecto:

DECLARO:

1º.-Que REÚNO os requisitos esixidos para concorrer á presente convocatoria e ACEPTO (agás no caso de non autorización expresa á consulta dos datos indicados no Anexo IV) as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo polo pola Comisión de Valoración para a tramitación do presente procedemento de acordo co disposto nas bases da convocatoria.

2º - Que ACEPTO o emprego do correo electrónico e/ou teléfono móbil aportados para o envío do/s aviso/s da posta a disposición da/s notificación/s electrónica/s.

DATOS BANCARIOS*	
TITULAR DA CONTA:	NIF
BANCO:	
NÚMERO DE CONTA (24 DÍXITOS): ES	

* De non cumprimentar o cadro dos datos bancarios, achegárase certificación bancaria da titularidade da conta.

SOLICITO:

A concesión da subvención para os incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do *obradoiro dual de emprego MOAÑA LABORA VI* de acordo co especificado nas bases reguladoras da convocatoria*.

SOLICÍTASE UNHA AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOA/S ALUMNA/S DO *OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO MOAÑA LABORA V. A XORNADA COMPLETA. POR UN PERÍODO MÍNIMO DE 3 MESES, EN TRABALLOS DIRECTAMENTE RELACIONADOS CO ÁMBITO DA ATENCIÓN SOCIO SANITARIA OU FORESTAL E COS CONTIDOS IMPARTIDOS NO OBRADOIRO, COAS CONDICIÓNES ESPECIFICADAS NESTAS BASES (1,500 € POR CONTRATO).*

NÚMERO DE AXUDAS QUE SE SOLICITAN PARA CONTRATAR:-----

IMPORTE SUBVENCIÓN SOLICITADA:-----

Moaña, na data da sinatura electrónica*

"Lembre que deberá asinar electronicamente este formulario antes de achegalo a través da sede electrónica

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA PODER SER ENTIDADE BENEFICIARIA.

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO MOAÑA LABORA VI

Don/Dona, co DNI/NIF, en representación da entidade, co NIF, solicitante de subvención ao abeiro da “*Convocatoria de axudas mediante Incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro dual de emprego MOAÑA LABORA VI*” do Patronato Municipal Beiramar

DECLARA que esta entidade:

1. Non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.
2. Non está excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- 3.- Posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- 4.- Está ao día no cumprimento dos obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin co Concello de Moaña.
- 5.- Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente convocatoria e que cumpre todos os requisitos sinalados na mesma.

Moaña, na data da sinatura dixital*

**Lembre que deberá asinar electronicamente este formulario antes de achegalo a través da sede electrónica*

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO
OBRADOIRO
DUAL DE EMPREGO MOAÑA LABORA VI

D/Dña.....,co DNI....., en representación da entidade..... co NIF.....,solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2022 de “Convocatoria de axudas mediante Incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro dual de emprego MOAÑA LABORA VI” do Concello de Moaña

DECLARO^(*):

1 . - Q u e en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan

Concepto axuda solicitada	Importe	Administración ou entidade	Orde regulación
-----	-----	-----	-----
-----	-----	-----	-----

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2- Que en relación coas axudas de minimis:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de minimis

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de minimis, que son as que a seguir se relacionan:

Concepto axuda solicitada	Importe	Administración ou entidade	Orde regulación
-----	-----	-----	-----
-----	-----	-----	-----

Moaña, na data da sinatura electrónica*

**Lembre que deberá asinar electronicamente este formulario antes de achegalo a través da sede electrónica.*

ANEXO IV

AUTORIZACIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO MOAÑA LABORA VI

Don/Dona....., co DNI.....
en representación da entidade..... co NIF.....
solicitante de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do *obradoiro dual de emprego Moaña Labora VI*,

AUTORIZO EXPRESAMENTE A CONSULTA DOS SEGUINTE DATOS (*marcar as celas daqueles documentos para os que autoriza a consulta telemática):**

- ☐ DNI ou NIE da persoa representante
- ☐ Estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal Tributaria (AEAT).
- ☐ Estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- ☐ Estar ao corrente das súas obrigas fronte á Tesourería da Seguridade Social (TXSS).
- ☐ Estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte ao Concello de Moaña

*** No caso/s de NON autorizar a consulta, deberán presentarse os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento coas obrigas Tributarias, Seguridade Social e ou Concello de Moaña segundo cada caso**

Moaña, na data da sinatura electrónica*

** Lembre que deberá asinar electrónicamente este formulario antes de achegalo a través da sede electrónica.*